




Francisco Fernández del Riego

Nos VIEIROS DA ARTE GALEGA

Do 26 de novembro do 2021
ao 7 de xaneiro do 2024



Pinacoteca
Fernández del Riego

CONCELLO
DE VIGO





Retrato de Francisco Fernández del Riego

Laxeiro

1941

Óleo/papel
27x19 cm

Francisco Fernández del Riego

Nos vieiros da arte galega

Francisco Fernández del Riego constitúe unha das figuras máis destacadas da cultura galega do século XX. O compromiso mantido con Galicia reflectiuse nun labor constante en prol da cultura galega, do que queda un legado de incalculable valor. Un compendio inxente de actividades distínguese ao redor da súa persoa, materializadas na editorial Galaxia, no Seminario de Estudos Galegos, na Real Academia Galega, na Fundación Penzol... unha enumeración ampla que foi tratada en multitude de estudos e textos.

Do seu legado cultural queda tamén a doazón ao pobo de Vigo da súa biblioteca, arquivo e colección artística: o testemuño dunha vida dedicada a "facer país". Nesta mostra poñemos a mirada na colección artística, a cal, pon de relevo un significativo vínculo do intelectual coa plástica galega. Propoñemos unha visión non proposta antes; achegarse á figura de Francisco Fernández del Riego e á súa relación coa arte galega.

A lo largo da súa vida o escritor mantivo unha estreita relación con artistas do seu tempo, e defendeu a existencia dunha arte autóctona, de raizame galega e intimamente ligada á realidade social de Galicia. Fíxoo coa ferramenta que mellor dominaba: a palabra.

Desde os seus discursos iniciais, durante a etapa universitaria, ata os textos escritos nos albores do novo século XXI, Francisco Fernández del Riego revélase como un firme defensor da arte galega. A través dos seus textos, ensaios, monografías, discursos, inclusive epístolas, coñecemos as súas percepcións e ideas ao respecto, a preocupación por divulgar e proxectar a arte de Galicia con carácter de universalidade.

Defendeu a obra dos artistas renovadores; divulgou o traballo daqueles que se atopaban no exilio; criticou construtivamente os pintores académicos; rescatou do esquecemento a artistas e puxo no panorama cultural a aqueles descoñecidos; dedicou o seus folgos a coordinar a exposición de artistas galegos en Buenos Aires, no ano 1951, organizada por Luis Seoane; deulle proxección a pintores, ilustrando portadas de Galaxia, ilustrando libros, colaborando no Suplemento Cultural do Sábado no xornal *La Noche*, que el dirixía... e todo isto, en tempos de escuridade, coa cerrazón dun sistema ditatorial que censuraba calquera sinal cultural fóra da súa doutrina.

Recoñeceu, defendeu e admirou a arte dos novos, mais, tamén sentiu curiosidade e gozou das obras das novas xeracións de artistas, xa avanzados os anos oitenta, cando a súa figura xa era un referente na cultura galega. Esta presenza entre os más novos pon de manifesto a gran sensibilidade e profundo coñecemento de Francisco Fernández del Riego sobre a arte.

O camiño andado durante gran parte do século XX permitiu que se situara xunto a Castelao, Maside, Seoane, Colmeiro e Laxeiro, entre moitos outros, no entanto, atoparemos tamén referencias a Din Matamoro, Elena Colmeiro, Mercedes Ruibal, ou Angel Sevillano; un percorrido por artistas representativos do século XX, con Francisco Fernández del Riego como eixe vertebrador.

BEATRIZ LIZ DE CEA
Comisaria da exposición

Pinacoteca Francisco Fernández del Riego

Abeleira Menéndez, 8. Vigo

Do 26 de novembro do 2021 ao 7 de xaneiro do 2024

Martes a venres: de 18:00 a 21:00 h

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h

Luns: pechado

Catálogo



Díptico



Da obra e do texto: as persoas autoras

Fotografía da obra: Nando Iglesias

Imaxe da portada: Francisco Fernández del Riego na alameda de Santiago de Compostela. 1933-1934

Dep.Legal : VG 720-2021



**REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Pinacoteca Fernández del Riego**

**CONCELLO
DE VIGO**

